


FAROS E BALIZAS DA MARINHA



**ASOCIACION CULTURAL
OS MATOS
I.E.S. PERDOURO
BURELA**

FAROS E BALIZAS DA MARIÑA

De todos é ben sabido que a vida familiar, social, cultural e económica da Mariña Luguesa está intimamente vencellada ó mundo do mar. A importancia dos nosos portos pesqueiros e das nosas praias é evidente. A paisaxe da nosa costa é visitada e admirada por un grande número de persoas que ó longo do ano se achegan á costa, ben sexa por motivos profesionais ou ben por descanso e pracer.

Un dos elementos típicos e distinguidos da fisonomía do noso entorno son os faros. O seu nome vén da Illa de Faros, en Alexandría. Na antigüidade, para alertar ós barcos, facíase unha fogueira nunha torre. Máis adiante foi utilizado o carbón e logo os carburos. Pasado un tempo utilizouse o gas, e por último é a corrente eléctrica o medio que se aplica para o funcionamento dos faros. Nos últimos tempos hai outras formas de enerxía que se están incorporando neste campo. Trátase da enerxía eólica e os paneis solares, sobre todo en lugares onde é máis dificultoso achegar a enerxía eléctrica. Como reserva, por se se produce un corte de suministro eléctrico, utilízanse electróns ou baterías.

Entendemos por faro «o punto de luz situado estratéxicamente nas costas co fin de servir de orientación e axuda ós que transitan polas augas, ben sexan navegantes, ben pescadores ou mariscadores».

Estas luces caracterízanse polos seus lampexos e polas súas cores: branca, vermella (perigo), vermella e verde (nas entradas das rías).

Pero debemos considerar que dentro destes puntos de luz hai varias categorías. Así, recibe o nome de:

- **Faro:** cando a súa luz alcanza as 9 - 10 millas de distancia.
- **Baliza:** cando a súa luz non alcanza as 9 millas de distancia

Os faros teñen a misión de fixa-la posición dos barcos, mentres que as balizas -e as boias- utilízanse para marcar as entradas ós portos.

As balizas poden ser de tres tipos:

- Estacionarias fixas (illas, illotes)
- Fixas nas puntas
- Boias (frotantes)

Tamén debemos reseñar que existen outro tipo de sinais que axudan á orientación das embarcacións. Son estes:

Sinais diurnos: pinturas no exterior dos faros (rombos, cores - vermella, negra, amarela -)

Sirenas: sons en morse - xeralmente comezan pola inicial do Faro.

LOCALIZACIÓN DE FAROS E BALIZAS NA MARIÑA LUGUESA



Faro Illa Pancha

Tendo en conta esta información, encontrámonos na Mariña Luguesa con varios puntos de luz que cumpren o cometido de faros ou de balizas, e que forman parte da nosa paisaxe.

Así, temos con categoría de

Faro: os puntos de luz situados en Ribadeo (Illa Pancha), San Cibrao (Punta da Atalaia) e Xove (Punta Roncadoira);

e con categoría de

Baliza: os puntos de luz situados en Ribadeo, Foz, Burela (2), San Cibrao (porto pesqueiro e porto de Alúmina-Aluminio), Viveiro (2), Illa Coelleira e no Vicedo (2)

O control destes sinais corresponde á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, contando con tres persoas («fareiros»), unha en Ribadeo e dúas en San Cibrao, para a súa vixilancia e conservación.

RIBADEO

ILLA PANCHA (Faro) (Lat. N. 43 33,4 - Lonx. W. 7 02,5)

Este faro está situado na Illa Pancha, ó W da entrada da ría de Ribadeo. Trátase dunha torre cilíndrica con sinais diurnos a bandas brancas e negras. A súa construción data do século XIX, sendo o único faro da costa de Lugo que ten Sirena.

Ten unha altura sobre o nivel do mar de 28 metros e a luz, de cor branca, chega ás 21 millas de alcance.

Gp D (3+1) B

Balizas: O balizamento da ría consta de 2 luces na Ponte dos Santos e 1 enfilación con 2 luces.

FOZ

A RAPADOIRA (Baliza) (Lat. N. 43 34,3 - Lonx. W 7 14,7)

Está situada na Praia da Rapadoira, no punto extremo do espigón, no alto dun poste.

Ten unha altura de 3 metros sobre o nivel do mar e a luz, de cor verde, alcanza as 7 millas.

Gp D (3) V

BURELA

PEDRA BURELA (Baliza) (Lat. N. 43 39,8 - Lonx. W 7 20,8)

Esta baliza encóntrase na Pedra de Burela (Torre Cardinal Este). É unha torre de formigón, troncocónica.

A súa altura sobre o nivel do mar chega ós 13 metros e emite luces de cor vermella e branca, cun alcance de 7 millas.

Gp Ct (3) BR

DIQUE DE ABRIGO (Baliza)(Lat. N. 43 39,3 - Lonx. W 7 20,6)

Esta columna cilíndrica está situada no extremo do diquepeirao de abrigo.

Ten unha altura de 18 metros cunhas luces de cor vermella e verde que alcanzan as 4 millas.

Gp D-(3) RV

SAN CIBRAO

PUNTA DA ATALAIA (Faro)(Lat. N. 43 42,1 - Lonx. W. 7 26,1)

A súa situación encoñrámola na Punta da Atalaia, nunha altura que domina a punta, extremo N. da península de San Cibrao. É unha construción cilíndrica (torreta) con sinais diurnos do cor branca con franxa negra. A súa construción data do século XIX.

A altura sobre o nivel do mar é de 39 metros e a luz, de cor branca, alcanza as 20 millas.

Gp D (5) B

Faro Punta da Ataldia



ANXUELA (Baliza) (Lat. N. 43 42,1 - Lonx. W. 7 26,4)

Está situada no Illote de Anxuela, na entrada do Porto de San Cibrao.

A altura sobre o nivel do mar é de 13 metros e a súa luz, de cor verde, alcanza as 3 millas.

GP D (3) V

PORTO (Baliza) (Lat. N. 43 42,0 - Lonx. W. 7 26,3)

Esta baliza encóntrase no Porto de San Cibrao. Ten unha altura sobre o nivel do mar de 8 metros, e a súa luz direccional, de lampexos vermellos e brancos, alcanza as 3 millas.

PORTO DE ALÚMINA

O Porto de Alúmina de San Cibrao ten dúas enfilacións:

- Canle Norte (203° 55')
- Canle Este (273° 14')

Na entrada do porto hai unha baliza con luz de cor vermella e verde.

Para illa-los Farallóns dispón dunha baliza (boia) con luz de posición de cor branca.

Desde terra tamén conta coa luz dun emisario que facilita a entrada ó porto.

XOVE

RONCADOIRA (Faro) (Lat. N. 43 44,1 - Lonx.- W. 7 31,5)

Encontramos este faro no lugar coñecido como Punta Roncadoira. A súa construción é recente, mediada a década dos anos 80, e ten forma de torre cilíndrica de cor branca.

A altura sobre o nivel do mar é de 94 metros e a luz, de cor branca, alcanza as 21 millas.

Gp D (7,5) B

VIVEIRO

PUNTA DE FARO (Baliza) (Lat. N. 43 42,7 - Lonx. W. 7 35,0)

Está situada na Parroquia de Faro, na entrada da Ría de Viveiro. É unha torreta de cor branca.

A altura sobre o nivel do mar é de 20 metros e a luz de cor vermella, alcanza as 5 millas.

Gp D (2) R 14s

PUNTA SOCASTRO (Baliza) (Lat. N. 43 43,1 - Lonx. W. 7 36,4)

Situada no lugar do mesmo nome. Como a anterior, é unha torreta de cor branca, cunha altura de 20 metros sobre o nivel do mar, e a luz que emite, de cor verde, alcanza tamén as 5 millas.

D V 7s

O VICEDO

ILLA COELLEIRA (Baliza)(Lat. N. 43 45,5 - Lonx. W. 7 37,8)

Encontramos esta baliza na Illa Coelleira, na parte máis elevada da illa, extremo E. da boca da ría do Barqueiro. Trátase dunha torre lixeiramente cónica, de granito, construída no centro da fachada N. da casa existente neste lugar.

A altura sobre o nivel do mar é de 89 metros e a sua luz, de cor branca, ten un alcance de 8 millas.

Gp D (4) B 24s

PUNTA DO CASTRO (Baliza) (Lat. N. 43 44,5 - Lonx. W. 7 40,5)

Esta é unha baliza en forma de torre troncocónica de cor branca que localizamos na Punta do Castro.

Ten unha altura sobre o nivel do mar de 16 metros, e a luz que emite, de cor vermella, alcanza as 5 millas.

Gp Ct (2) R Ss

PUNTA DA BARRA (Baliza)(Lat. N. 43 44,5 - Lonx. W. 7 41,3)

No lugar do mesmo nome encontramos esta baliza de características similares ás da anterior: torre troncocónica de cor branca, cunha altura sobre o nivel do mar de 16 metros e cunha luz, de cor verde, que alcanza as 5 millas.

DBRV 3s



Caixavigo